

Praza número: 25/3022

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Proxectos de Enxeñaría

Departamento: Enxeñaría Civil

Centro: Escola Universitaria de Deseño Industrial

Número de prazas: 1

Dedicación: Tempo Completo

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En A Coruña, ás 10:00 horas do 9 de maio de 2025, para cumprir os requisitos a que alude o artigo 17.2. da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constitúese a comisión que vai xulgar o concurso que arriba se indica, coa asistencia dos seguintes membros que manifestan que non están incursos en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en situación que se poida cualificar de conflito de interese, establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023:

Presidencia: Miguel Domingo Rodríguez Bugarín

Secretaría: Margarita Novales Ordax

Vogal 1º: Francisco Zamora Polo

Vogal 2º: Alberto Cerezo Narváez

Vogal 3º: Ana de las Heras García de Vinuesa

Rep. Trab. (s/voto): María Asunción López Arranz

Na Coruña, a 9 de maio do 2025

A presidencia da comisión

Praza número: 25/3022

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Proxectos de Enxeñaría

Departamento: Enxeñaría Civil

Centro: Escola Universitaria de Deseño Industrial

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: Expresión Gráfica na Enxeñaría, Proxectos Arquitectónicos, Enxeñaría dos Procesos de Fabricación, Expresión Gráfica Arquitectónica

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Teranse en conta unicamente aqueles manuais e libros de texto que se empreguen de forma directa na docencia, excluindo aqueles que pertencen claramente ao ámbito da investigación. Quedan excluídos expresamente deste apartado os volumes que recollan actas de congresos, así como os traballos incluídos nesas actas. En ningún caso se valorarán os libros que non dispoñan de ISBN.

Para determinar o prestixio editorial dos libros, aplicaranse os seguintes criterios: os libros indexados en SPI, BCI, CEA-APQ, índice de editoriais do CSIC (-CSIC) computarán co 100% da puntuación. No caso de non contar con esta indexación, computarán co 50% da puntuación.

Praza número: 25/3022

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Proxectos de Enxeñaría

Departamento: Enxeñaría Civil

Centro: Escola Universitaria de Deseño Industrial

En canto ao número de persoas autoras, se a persoa candidata é primeira autora, valorarase co 100%. Noutros casos, cando a publicación teña até 4 autores/as, valorarase co 100% da puntuación. Se conta con máis de 4 autores/as, a valoración será do 50%.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Valorarase exclusivamente aqueles proxectos que teñan a innovación docente como carácter principal e así conste expresamente na convocatoria ou na contratación dos mesmos.

-Participación en proxectos docentes ou grupos de innovación docente nacionais (2 puntos)

-Participación en proxectos docentes ou grupos de innovación docente internacionais (4 puntos)

No caso de ser IP, a participación valorarase co 100%; en caso contrario, a valoración será do 50%.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Terase en conta unicamente aquelas estadías de mobilidade docente en institucións de educación superior nacionais e internacionais, superiores a un mes, e que se diferencian en todo caso das estadías de investigación ou de formación.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Estadías de mobilidade docente STA ou similares en institucións de educación superior nacionais (máxima 1 punto por estadía) e internacionais (máximo 2 puntos por estadía).

As estadías de 15 días valoraranse ao 100%, e as demais proporcionalmente.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

A puntuación variará segundo a orixe da entidade que conceda o premio: internacional (2 puntos), nacional (1 punto) ou autonómica/local (0,5 puntos).

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

Praza número: 25/3022

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Proxectos de Enxeñaría

Departamento: Enxeñaría Civil

Centro: Escola Universitaria de Deseño Industrial

**III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro).
Puntuación máxima: 40 puntos**

Coeficiente multiplicador entre 0.25 e 1 que poderá ter en conta o número de autores/as da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Os artigos publicados en revistas científicas valoraranse con 2,5 puntos se as revistas están incluídas en Scopus ou na Web of Science.

En canto ao número de persoas autoras, se a persoa candidata é primeira autora, valorarase co 100%. Noutros casos, cando a publicación teña até 4 autores/as, valorarase co 100% da puntuación. Se conta con máis de 4 autores/as, a valoración será do 50%.

Terase en conta o cuartil da revista científica na que está publicado o artigo, coa seguinte ponderación:

- 1º y 2º cuartil JCR (100%)
- 3º e 4º cuartil JCR ou 1º cuartil SJR (75%)
- 2º, 3º e 4º cuartil SJR (50%)
- Artigos científicos en revistas non indexadas, cun máximo de 4 autores (25%). A valoración conxunta destes artigos non poderá superar os 5 puntos

Os artigos premiados terán unha valoración adicional de 0,5 puntos.

A indexación será a correspondente ao ano de publicación do traballo, ou no seu defecto a do último índice publicado.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Para determinar o prestixio editorial dos libros, aplicaranse os seguintes criterios: os libros indexados en SPI, BCI, CEA-APQ, índice de editoriais do CSIC (-CSIC) computarán co 100% da puntuación. No caso de non contar con esta indexación, computarán co 50% da puntuación.

En canto ao número de persoas autoras, se a persoa candidata é primeira autora, valorarase co 100%. Noutros casos, cando a publicación teña até 4 autores/as, valorarase co 100% da puntuación. Se conta con máis de 4 autores/as, a valoración será do 50%.

En ningún caso se valorarán os libros que non dispoñan de ISBN.

Praza número: 25/3022

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Proxectos de Enxeñaría

Departamento: Enxeñaría Civil

Centro: Escola Universitaria de Deseño Industrial

Número de prazas: 1

Dedicación: Tempo Completo

As publicacións en actas de congreso de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Congresos internacionais: 0,25 puntos

Congresos nacionais: 0,125 puntos

En canto ao número de persoas autoras, se a persoa candidata é primeira autora, valorarase co 100%. Noutros casos, cando a publicación teña até 4 autores/as, valorarase co 100% da puntuación. Se conta con máis de 4 autores/as, a valoración será do 50%.

III.2 Comunicacions en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

As comunicacións presentadas en reunións científicas con mención internacional, e/ou cun comité científico no que participen persoas de máis de dous países, serán valoradas cunha puntuación de 0,25 puntos.

Aquelas comunicacións que se presenten en reunións de ámbito nacional recibirán unha valoración de 0,125 puntos.

Se a persoa candidata é poñente valorarase co 100%, no caso contrario co 50%.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Patentes. Valorarase a existencia de patentes con explotación demostrada mediante contrato de compravenda ou contrato de licenza, así como aquelas concedidas pola Oficina Española de Patentes e Marcas a través do sistema de exame previo. Terase en conta a extensión da protección (nacional, europea ou internacional), sendo máis valoradas as que contén cun ámbito de protección máis amplo. Até 2 puntos por mérito.

Equiparanse ás patentes, outros rexistros de propiedade industrial, tales como Modelos de Utilidade, Deseños Industriais e outros derivados da propiedade intelectual, tales como rexistros de software, bases de datos, e outros de especial relevancia na área.

Praza número: 25/3022

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Dedicación: Tempo Completo

Área de coñecemento: Proxectos de Enxeñaría

Departamento: Enxeñaría Civil

Centro: Escola Universitaria de Deseño Industrial

Creación de empresas de base tecnolóxica ou spin-off. Recoñecerase a participación directa na creación de empresas baseadas na transferencia de coñecemento derivada da actividade investigadora acreditada da persoa solicitante. 2 puntos pola condición de socio promotor, independentemente da porcentaxe de participación.

Outras actividades de transferencia e divulgación. Até 0,1 puntos por cada mérito.

Na Coruña, a 9 de maio do 2025

A presidencia da comisión